

Glosario de termos

ADSL

Asymmetric Digital Subscriber Line, Liña Dixital Asimétrica de Subscritor: sistema de transmisión de datos que, baseándose na liña telefónica normal, convírtea nunha liña de alta velocidade. Permite dedicar a cada usuario o seu propio ancho de banda.

Autenticación

Ferramenta que serve para garantir a integridade dos datos e a autenticidade da súa orixe, á hora de acceder a un recurso de Rede ou realizar unha transacción e evitar fraudes. Pódese facer de xeito simple, por exemplo mediante contrasinais, ou complexa, coa axuda de identificadores dixitais como firma electrónica.

B2E

(Business to employer). Aplicación práctica das TIC dentro da empresa: trátase de proporcionar servizos ós empregados a través dunha intranet. Ofréceselle o acceso á información empresarial de utilidade, como a xestión das vacacións, nómina, etc, incluíndo as vantaxes de traballar nesa compañía

Banner

Gráfico publicitario inserido nunha web e que invita a quen o ve a presionalo. É un enlace á información que quere o anunciante. Na maioría dos casos, remite ó internauta á web do anunciante, co que ademais de saber que existe unha web, accede a ela.

Boletín de noticias

(Newsletter). Boletín electrónico de información que se envía por correo electrónico ós internautas, tendo vantaxes para os seus patrocinadores.

Cable (rede de)

Rede de cable de fibra óptica: rede de telecomunicacións de alta velocidade, baseada na tecnoloxía de fibra óptica, que posibilita a transmisión totalmente integrada e segura de sinais de voz, datos, imaxes e vídeo de forma simultánea, con unha calidade e velocidade moi superior á que se pode obter a través de outros soportes.

Conxestion

O envío de demasiada información a un servidor pode producir unha conxestión ou atasco ó sobrepasar a capacidade dunha liña de comunicación de datos.

Cookie

Pequeno arquivo que un servidor pode introducir no ordenador do usuario para coñecer o seu comportamento. Cando este visita unha web que contén cookies e deixa información (como por exemplo o seu nome, data de nacemento, afeccións, produtos que viu ou mercou, etc.), rexístrase unha cookie e almacénase no navegador. Na próxima visita, o navegador envía a cookie ó servidor, que procesa a información, por exemplo, para amosarlle ó internauta páxinas personalizadas.

Custo por mil impresions

A unidade de venda que se emprega na publicidade on line é o Custo Por Mil impresions (CPM). O CPM depende do volume de contratación e do medio, pero pode situarse entre os 15 e os 35 euros.

E-mailing

Emprego do correo electrónico para o envío de mensaxes publicitarias.

FAQ

(Frequently Asked Questions). Apartado dunha páxina web onde se recompilan as preguntas máis habituais dos internautas sobre os temas e servizos desa web, xunto ás súas correspondentes respostas. Deste xeito, evítase responder sempre as mesmas cuestións que formulan os usuarios. Ó mesmo tempo, é un bo lugar para proporcionar a información máis importante sobre a web/empresa.

Foro

Páxina web onde os internautas colocan preguntas e respostas, mediante un formulario, sobre diferentes temas. Cada tema contén a mensaxe orixinal, cun título e unha descrición do asunto. As respostas á mensaxe orixinal fanse na liña seguinte a esta. Polo xeral, para intervir nun foro, o internauta ten que rexistrase.

GPRS

General Packet Radio Service: nova tecnoloxía para a transmisión de datos dende os móbiles. Así, mentres que que no GSM a velocidade de transmisión está limitada a 9,6 kbits/s, co GPRS obteñense velocidades ata catro veces maiores.

Grupo de noticias

(Newsgroups) É un taboleiro de mensaxes (noticias) público expostas nun servidor arredor dun tema. O nome de cada grupo está formado por unha serie de termos separados por un punto, e o termo máis á esquerda indica un tema máis xeral (exemplo: grupo es.ciencia.marketing onde o "es" define que é un grupo de discusión español, "ciencia" a disciplina, e "marketing" o tema concreto. A diferenza das listas de correo, o cliente vai buscar as mensaxes ó servidor voluntariamente, mentres que nas listas as mensaxes chegan ó receptor ó ler o correo.

Hosting

Reserva dun espazo para unha ou máis páxinas web nun servidor web determinado, conectado directamente a Internet as 24 horas do día. Este servidor permite que os sitios e os servizos Internet dos seus clientes estean dispoñibles para todo o mundo durante todo o contrato anual.

Housing

Reserva do aloxamento, conexión á Rede e administración de equipos informáticos nun servidor adicado totalmente a unha web. É o habitual para facer comercio electrónico coas garantías de seguridade e velocidade precisas.

HTML

(Hypertext Markup Language, linguaxe de marcado de hipertexto). Linguaxe informática para crear documentos para a World Wide Web, é dicir, para desenvolver páxinas web. A través dunha serie de etiquetas ou instrucións estrutúrase o contido dunha páxina web e inclúense os enlaces a outras páxinas. Mediante estas marcas especiais indícaselle ó programa navegador como se ten que facer a visualización.

Impacto

(Hit). Descarga de calquera arquivo (gráficos, audio, texto, etc.) dunha páxina web. O servidor realiza un hit por cada lectura dos arquivos da nosa páxina, é dicir, se hai cinco imaxes acompañando a un texto, o servidor contará seis hits. Un hit non é unha visita real; o número de hits por minuto só mide a actividade dun servidor web, por iso a publicidade págase polas visitas á web, non polo número de hits.

Indexar

Rexistrar, catalogar e ordenar documentos html (páxinas web) para crear un índice mediante o cal se poidan realizar buscas sobre ditos documentos. Por exemplo, un

buscador como Google ten máis de 1.000 millóns de páxinas "indexadas"; isto é, crea a súa propia base de datos e ordéaa segundo o seu criterio. As buscas que faigamos nese buscador faranse sobre a base de datos almacenada nel, non sobre os datos reais.

Interface

Parte do dispositivo co que o visitante dunha web interactúa ou se comunica co programa. Trátase dun conxunto de arquivos html e imaxes a través dos cales o usuario pode navegar pola páxina web. O interface fai a páxina máis atractiva ós ollos dos internautas, segundo o seu deseño, cores e tema en común.

Interstitial

Este formato amosa un patrocinio en exclusiva na transición dunha páxina á seguinte. O anuncio desaparece unha vez que se carga a páxina pedida. A súa duración aproximada é de 6 segundos.

Intranet

Unha intranet é unha rede virtual privada (de uso interno), que permite a unha empresa ou entidade organizar e compartir información entre un grupo reducido de usuarios. De xeito máis técnico, poderíamos definila como unha organización de aprendizaxe, que permite a integración de xente, procesos, procedementos e principios en prol da efectividade dunha organización.

Lista de correo

Sistema empregado para redistribuír mensaxes dun grupo de persoas dadas de alta nunha lista e interesadas nun tema. O obxectivo: intercambiar información e crear debate, servindo de nexo ós seus suscritores. As mensaxes envíanse automaticamente ó enderezo electrónico da lista e o servidor da lista reenvíallas a todos os membros.

Lista de discusión

A diferenza do foro, coa lista de discusión a información chega directamente ó internauta integrado na lista a través do seu correo electrónico. Serve para debatir temas de interese común para un grupo de usuarios, ou para organizar grupos de traballo pechados.

Mapa Web

(Webmap). Representación xerárquica das seccións e contidos dunha sitio web. Pode ser unha forma rápida e eficiente de atopar o que buscamos. Serve de orientación na navegación para os internautas, posto que nunha soa páxina pódese visualizar o organigrama das seccións seguindo unha estrutura xerárquica. Algúns mapas web explican brevemente os contidos da páxina

Marcador ou "Favoritos"

(Book Mark). Ficheiro do navegador onde podemos almacenar as direccións das nosas páxinas web favoritas para visitalas cando queiramos. Pódese facer agregando a web escollida ó noso arquivo de sitios favoritos na barra do navegador.

Market place

Mercado virtual entre empresas (B2B-business to business) onde se poñen en contacto compradores e vendedores para intercambiar bens e servicios.

Marketing one to one

(Marketing personalizado). Tipo de publicidade en Internet consistente en personalizar a mensaxe publicitaria en función do visitante, isto é, o cliente vese como un individuo e non como parte dun segmento do mercado. Un sistema de

xestión de Base de Datos avanzado é o que permite o seguimento de cada cliente de xeito individual.

Metaetiqueta (Meta tag)

Etiqueta especial de código HTML que dá información sobre a web. Adoita incluír o título da páxina, a descrición dos seus contidos e as súas palabras clave. Os motores de busca baséanse nesta información para asignar a categoría e a posición da web respecto a outras páxinas.

Módem

Dispositivo que conecta PCs empregando unha liña telefónica. Transforma un sinal dixital en analóxico, e viceversa.

Pasarela de pagos

Sistema proporcionado por unha entidade financeira a unha tenda virtual para xestionar os seus cobros en liña con tarxetas de crédito e débito. Mediante a pasarela procésanse e autorízanse as transaccións do comerciante. Tamén se lle chama TPV Virtual, xa que ten a mesma función que os terminais punto de venda situados nos establecementos comerciais tradicionais.

Permission Marketing

Estratexia de promoción en Internet que emprega a autorización expresa dun usuario para enviar comunicacións comerciais por correo electrónico. O cliente pode abandonar esta autorización cando o desexe.

Pop Up/Under

Son ventás non abertas polo usuario que aparecen ó acceder a unha páxina. O usuario pode pechalas. Se aparecen cando cerramos unha páxina chámanse Pop Under.

Portal

Web que ofrece varios servizos, entre os máis comúns: un buscador, servizo e correo, servizo de noticias, foro web e tenda. Existen portais xerais ou horizontais e específicos ou verticais, con información especializada para un determinado target. Moitas veces, un portal é a portada dun grupo de webs individuais que comparten a mesma temática, co que funciona como un "trampolín" cara cada sitio particular.

Protocolo de seguridade

Sistema de comunicacións que permite xestionar dun xeito seguro as transaccións en liña da Rede, sen risco de que outros teñan acceso á información. Esixe a figura dunha institución con prestixio encargada de autenticar as partes que realizan as transaccións. Existen varios tipos de protocolo de seguridade, os máis empregados son: o SSL (Secure Sockets Layer o Plataforma de Transmisión Segura amplamente utilizado na web) e o Protocolo SET (Secure Electronic Transaction o Transacción Electrónica Segura, para transaccións financeiras).

RDSI

Rede Dixital de Servizos Integrados: é unha evolución das liñas de cobre analóxicas. Ó modular o sinal dixitalmente obtense unha transmisión máis eficiente. Acada velocidades de 64 kbits por segundo. As liñas RDSI dispoñen de canles de comunicación independentes, que poden empregar para voz e datos, polo que se pode usar o teléfono mentres se navega.

Rede de cable de fibra óptica

Rede de telecomunicacións de alta velocidade, baseada na tecnoloxía de fibra óptica, que posibilita a transmisión totalmente integrada e segura de sinais de voz,

datos, imaxes e vídeo de forma simultánea, cunha calidade e velocidade superior á que se pode obter a través doutros soportes

Rich media

Forma de comunicación que incorpora animación, son e vídeo, a fin de incentivar e mellorar a interacción entre os usuarios e o contido on line. Pode ser utilizado en combinación con tecnoloxías como streaming media, son, flash e linguaxes de programación como Java, Javascript e DHMTL. É frecuentemente usada para contidos publicitarios.

Ruta (path)

Ubicación dun ficheiro ou carpeta dentro do disco dun ordenador. Componse dunha serie de nomes de directorio que se separan por barras e un nome de ficheiro. Utilízase para localizar o enderezo ou o subdirectorio onde se atopa ese ficheiro, do mesmo xeito que localizamos un piso a través dun enderezo postal.

URL

Uniform Resource Locator, Localizador Uniforme de Recurso). Esquema de enderezos de Internet que permite localizar recursos na Rede. Por exemplo, na seguinte dirección: www.e-negociogalicia.com, todo o conxunto sería a URL. "http" indica o nome do protocolo; "www.e-negociogalicia.com" o nome do servidor; "soporte" o directorio; "tenda" o subdirectorio e "index" o nome do arquivo.

Visibilidade

Facilidade coa que os potenciais internautas poden atopar unha páxina (URL) entre a multitude de sitios da Rede. (por exemplo, www.culturagalega.org é unha páxina con boa visibilidade).

Visita

Secuencia ininterrompida de páxinas consultadas por un usuario nun enderezo web. Se o usuario non realiza novas consultas nun período de tempo predeterminado, a seguinte consulta constituirá o principio dunha nova visita.

Webmaster

Persoa que crea, diseña, organiza e xestiona o contido dunha páxina web (palabras e imaxes) e que, nalgúns casos, tamén se encarga de administrar o servidor e os aspectos técnicos de programación dunha web. En resume, un webmaster é o responsable que vela polo funcionamento global dun sitio web.